

nin hedra, abeto, piñeiro, faia ou xenebro, poderían mitigar o lume que o corazón triste afixe coma un fermoso río que sempre chora canda min e máis a pequena árbore que en rimas adorno e celebro.

Só este socorro encontro entre os asaltos de Amor, os cales convén que armado viva a vida que transcorre a tan grandes saltos.

Así medre o fermoso loureiro en fresca ribeira, e quen o plantou máximos fermosos e altos na doce sombra ó son da auga escriba.

Non catro primeiros versos, Petrarca arranxouse para meter vintetrés ríos, nunha exhibición que cómpre situar no seu contexto histórico, que é o da alegre recuperación dos saberes clásicos polo primeiro humanismo, do que el é senlleiro representante. Pero nunha lectura poética é ben evidente que tan fluvial enriestrada non ten outra función cá de comparanza co río Sorga xunta o cal vivía o poeta, río humilde en contraste co ecoar ilustre que aqueloutros nomes evocaban tanto no poeta coma no culto lector. E os cinco vexetais do verso quinto, percibidos como lenitivos, contrapónense igualmente ó pequeno loureiro ou lauro que simboliza a amada Laura e que el plantara no seu horteiro para tela sempre presente.

Un soneto é un soneto, cousa que convén lembrar. Agora ben, é absolutamente imposible meter nun soneto galego tal enriestrada de palabras. Por outra banda, entre eses nomes de ríos hai moitos que a nós non nos din nin cousa, nin na súa forma usual moderna nin na clásica. ¿Que temos que ver co Mariza (Hebro), ou co Sarabat (Herme)? A decisión parece doada, e na miña tradución do *Cancioneiro* publiquéi unha versión da cal excluí once ríos e dúas plantas sen remorso ningún.

Velo aí:

Nin Tesino nin Po nin Arno ou Tebro,
nin Eufrates nin Tigre, Nilo ou Indo,
nin Danubio nin Don, nin mar ruxíndo,
nin Ródano nin Reno, Loira ou Ebro,

nin hedra nin piñeiro nin xenebro,
mitigan o meu lume coma un lindo
regueiro que comigo vai carpindo,
e a planta que orno en rimas e celebro.

Só encontro este socorro entre os asaltos
de Amor, nos que convén que armado viva
a vida que transcorre a grandes saltos.

SOBRE A FIDELIDADE

Darío Xohán Cabana

O soneto que leva o número 148 no *Cancioneiro* de Petrarca pode servir moi ben para ilustrar un dos problemas fundamentais da tradución da poesía, isto é, qué cousa é a fidelidade, se o cinguirse á letra ou cinguirse á música e ó espírito.

Velaquí o texto:

*Non Tesin, Po, Varo, Arno, Adige e Tebro,
Eufrate, Tigre, Nilo, Ermo, Indo e Gange,
Tana, Istro, Alfeo, Garona e 'l mar che frange,
Rodano, Ibero, Ren, Sena, Albia, Era, Ebro.*

*non edra, abete, pin, faggio e genebro
poria 'l fado allentar ch' 'l cor tristo ange,
quani' un bel rio ch' ad agni or meco piange,
co l'arboscel che 'n rime orno e celebro*

*questo un soccorso trovo fra gli assalti
d' Amore, ove convien ch' armato viva
la vita che trapassa a si gran salti.*

*Così cresca il bel lauro in fresca riva,
e ch' 'l piantò pensier leggiadri et alti
ne la dolce ombra al suon de l'acque scriva.*

Unha tradución palabra a palabra sería a seguinte:

Nin o Tesino, o Po, o Var, o Arno, o Adixio, o Tebro (o Tíber latino), o Éufrates, o Tigre, o Nilo, o Sarabat, o Indo, o Ganxes, o Don, o Danubio, o Alfeo, o Garona e o mar que rompe, o Ródano, o Ebro, o Reno, o Sena, o Elba, o Loira e o Mariza,

VICEVERSA 1 (1995) 161-164

Así medre o loureiro en fresca riva,
e o que o plantou máximos fermosos e altos
na doce sombra ó son da iauga escriba.

Agora ben, mentres escribo este artigo decátome dun problema, que seguramente xa vin daquela pero que deixei pasar. O verso terceiro, aínda que é discutido polos estudiosos parece dicir claramente «...o Garona e o mar que rompe» (coas súas augas rompe as ondas ó entrar nel). Non me parece que a miña infidelidade ó texto fose un defecto moi grave, dado que non afecta o senso xeral, pero tal vez puidese arranxarse algo prescindindo aínda de máis ríos, e de camiño poñéndolles artigos ós seus nomes, como parece quere-lo galego moderno.

Ímoloo intentar:

Nin o Po nin o Adixio nin o Tebro,
nin o Éufrates, o Nilo e maillo Indo,
nin o Garona no seu mar franxíndo,
nin o Reno e o Loira e maillo Ebro...

A min paréceme tan ben esta variante, e iso que desta volta deixamos fóra xa trece dos ríos orixinais; pero o soneto segue sendo un soneto, e segue dicindo en substancia o que Petrarca quixo dicir.

E postos a xogar, imaxinemos que o traductor fose un daqueles desprezados tradutores que non houbo en Galicia no século XVI, pero que podemos adiviñar en comparanza, poñamos por caso, de Frei Luís de León. Aqueles tradutores renacentistas non andaban con tantos requilorios coma nós, e capaz que o noso amigo galego fose ousado de meter cousas de por acó na súa tradución, deixándoa tal como así:

Nin o Po nin o Adixio nin o Tebro,
nin o Éufrates, o Nilo e maillo Indo,
nin o Xallas baixando polo Pindo,
nin o Sil nin o Miño nin o Ebro...

E o soneto seguiría dicindo as mesmas cousas. Non estarían tódalas palabras do orixinal, pero si todo o pensamento, o sentimento, e tamén –non fagades moito caso da inmodestia– grande parte da beleza formal do soneto de Petrarca.

¿Cal é logo a fidelidade? Eu teño a miña resposta, e o lector poderá responderse a si mesmo despois de remoer outra vez o soneto orixinal, a fidelísima prosa da versión literal, tan fea, e logo a versión métrica rimada en calquera das dúas primeiras variantes. Porque a terceira, por suposto, é unha broma traída por unha rima. ¿Ou non será tanta broma? A fervenza do

Xallas, única en Europa, que agora só se pode ver como pálida sombra de si, algún día de moita crecente, gustaríalle ben ó señor Francesco Petrarca se a chegase a ver... Capaz era de preferir esta versión, e mesmo de modifica-lo seu propio verso en «Alfeo, Tana, Istro, Giaglia e 'l mar che frange», porque o Xallas si que partía ben o mar, e non o Garona.